



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2025-2026. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.

EXPEDIENTE Nº 2025/G003/000290

DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO, ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

A Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume aprobouse mediante acordo plenario do 27/03/2008, que se publicou no BOP nº 142 do 21/06/2008. O artigo un dispón que esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases xerais reguladoras do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Ponte deume, ó abeiro do réxime xurídico disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 7 da devandita Ordenanza xeral de subvencións establece que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Ponte deume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello, entre as que se atopa o ensino.

De acordo co que se dispón no artigo 9 da ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en réxime de concorrència competitiva. Igual que se establece artigo 22 da Lei xeral subvencións (de carácter básico). Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 11/04/2025 de incoación do expediente para a aprobación das "Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2025-2026. Segundo ciclo de Educación Infantil. Primaria e ESO" do Concello de Ponte deume.

Visto o informe emitido polos servizos socias o 11/04/2025.

Logo de ver o informe da Intervención municipal 117/2025 do 05/05/2025.

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume aprobou un Plan estratéxico de subvencións para o período 2025 – 2027, recollendo no seu apartado 5 a previsión de concesión de axudas "Apoiar a educación en igualdade de condicións para a adquisición de material escolar", na sesión plenaria celebrada o 27/03/2025.

Dado que existe crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2025, para a aprobación do gasto derivado da concesión de "Axudas ás familias para a adquisición de material escolar, Curso Escolar 2025-2026, Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO", a imputar na aplicación orzamentaria 326.48002, por importe total de 12.000,00 euros, documento contable de retención de crédito número 220250002808, con cargo ó proxecto de gasto 2025/3/LH/2.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Aprobar o gasto por importe total de 12.000€ a imputar na aplicación orzamentaria 326.48002, (documento contable de retención de crédito número 220250002808), con cargo ó proxecto de gasto 2025/3/LH/2, para a concesión de “Axudas ás familias para a adquisición de material escolar, Curso Escolar 2025-2026, Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO” do Concello de Ponte deume.

SEGUNDO. - Aprobar as “Bases reguladoras de concesión de Axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2025-2026. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO” do Concello de Ponte deume:

“BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2025-2026. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO”

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte ós gastos derivados da escolarización das/os súas/seus fillas/os matriculadas/os nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto e dispositivos electrónicos), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socioeconómicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 12.000,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 326.48002, do orzamento do ano 2025.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS.

1.- Ós efectos destas bases, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, empadroados no





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concello de Pontedeume e no mesmo domicilio, na data de publicación do extracto desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará persoa computable aquela delas que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de persoa computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar, agás nos casos de custodia compartida.

Nos supostos de custodia compartida inclúiranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2025 – 2026, pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Pontedeume.

3.- Para poder ser beneficiaria/o destas axudas, a persoa solicitante deberá estar empadroada no Concello de Pontedeume, cunha antigüidade mínima de dous anos (segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume). Tódolas persoas integrantes da unidade familiar teñen que estar empadroadas no mesmo domicilio. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación do extracto desta convocatoria.

4.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2023, de tódolas persoas computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas.

Número de persoas integrantes da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 persoas	20.160,00€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 persoas	25.200,00€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 persoas	29.520,00€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 persoas	33.120,00€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 persoas	36.000,00€ (5,0 x IPREM)

A partir da sexta persoa integrante da unidade familiar, engadíranse 2.160,00€ (0,3 x IPREM) por cada nova persoa computable.

As unidades familiares que superen o límite da renda anual non terán dereito á axuda.

5.- As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nos puntos anteriores, serán avaliadas segundo os criterios fixados na base cuarta. As axudas adxudicaránse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia na base primeira. En caso de empate, o criterio de desempate será a menor renda per cápita.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DA SOLICITUDE.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- Lugar. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Documentación a presentar:

a) Solicitude, segundo o modelo establecido.

b) Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

c) Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.

d) Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2023 (completa) da persoa solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Copia de matrícula no curso 2025-2026 ou declaración responsable conforme á/ó alumna/o vai estar matriculada/o.

f) Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

g) Declaración responsable de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións. Segundo o modelo establecido.

h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.

i) Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

l) Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algunha das persoas integrantes da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

m) Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego, no caso de que algunha das persoas integrantes da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria.

CUARTA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na base segunda, valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de persoas integrantes da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da persoa solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- Número de persoas integrantes da unidade familiar.

Por cada persoa integrante da unidade familiar: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

2.- Condicións familiares da persoa solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

- Por cada persoa integrante da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

- Por cada persoa integrante da unidade familiar en situación de desemprego: 1 punto.

- Por familia numerosa (título): 1 punto.

3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de persoas integrantes da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

QUINTA.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA.

Son obrigas da persoa beneficiaria:

a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo establecido.

b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.

c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.

e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

f) Declarar que se atopa ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

SEXTA.- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a concelleira de educación. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó alcalde - presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada persoa beneficiaria. Así como a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Todo isto conforme ó establecido nas presentes bases e no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P.nº142 do 21/06/2008).

Unha vez publicada a resolución provisional, as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación, para presentar as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ós parágrafos anteriores, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a concelleira de educación.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.

Actuará como secretaria/o da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola devandita comisión e concedidas polo alcalde - presidente mediante decreto.

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 75 € que se fará efectiva mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable únicamente naquelas entidades colaboradoras que teñan asinado o convenio de colaboración co Concello de Ponte deume.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento das axudas efectuarase ás persoas beneficiarias mediante un vale canxeable polo dito material escolar nas entidades colaboradoras que teñan asinado o convenio correspondente co Concello de Ponte deume.

A lista das Entidades Colaboradoras serán publicadas na páxina web do concello e no seu taboleiro.

Na resolución definitiva establecerase un prazo para a entrega dos vales.

DISPOSICIÓN FINAL.

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

Dña./D. _____,
con DNI/NIF nº _____ maior de idade, veciña/o de Ponte deume,
con domicilio a efectos de notificacións en _____,
teléfono/s _____, nai / pai / tiror/a de _____,
que cursa _____ de _____

EXPÓN:

1.- No BOP nº XX, do XX de XXXX de 2025, publicouse o extracto das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2025-2026. Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Ponte deume.

2.- Achega a seguinte documentación: (*sinalar mediante X*)

- ☐ Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante, cónxuxe/parella e filla/o.
- ☐ Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso das familias numerosas, fotocopia do título.
- ☐ Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2023 (completa) da persoa solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- ☐ Copia de matrícula no curso 2025-2026 ou declaración responsable coforme á/ó alumna/o vai estar matriculada/o.
- ☐ Se é o caso, documentación acreditativa de circunstancias tales como: separación do cónxuxe, abandono do fogar, viuvez, discapacidade, desemprego, etc.

3.- Declara que son certos os datos consignados neste formulario, e autoriza ó Concello de Ponte deume a realizar todas aquelas comprobacións que sexan necesarias para a resolución desta solicitude.

SOLICITA:

O outorgamento da axuda ás familias para a adquisición de material escolar.

Ponte deume, _____ de _____ de 2025

A persoa solicitante

Asdo.: _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Dna./D. _____,
con DNI/NIF nº _____ maior de idade, veciña/o de Ponte deume,
con domicilio en _____,
teléfono/s _____, con coñecemento dos delitos nos que
poidera incorrer por falsidade, de conformidade co disposto na base terceira, apartado 3.f, das
bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar.
Curso escolar 2025-2026. Educación infantil, primaria e ESO, DECLARO BAIXO A MIÑA
RESPONSABILIDADE:

Axudas solicitadas:

- ☐ NON solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- ☐ SI solicitei axuda para este mesmo proxecto (enumerar as axudas, tipo de axuda contía e organismo concedente):

Axudas concedidas:

- ☐ NON se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade
- ☐ SI se me concedeu axuda para este mesmo proxecto (enumerar as mesmas, tipo de axuda contía e organismo concedente):

Ponte deume, _____ de _____ de 2025

A persoa solicitante

Asdo.: _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dña./D. _____,
con DNI/NIF nº _____ maior de idade, veciña/o de Ponte deume,
con domicilio en _____,
teléfono/s _____, de conformidade co disposto na base
terceira, apartado 3.g, das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a
adquisición de material escolar. Curso escolar 2025-2026. Educación infantil, primaria e ESO,
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (aos efectos previstos no art. 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións) comprometéndome a notificar o cambio en dita situación (no prazo de trinta días naturais contados dende o día seguinte á notificación da resolución.

- Declaro baixo a miña responsabilidade, aos efectos previstos no art. 69.9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que, cumpro con tódolos requisitos establecidos na normativa vixente para obter a subvención, que dispoño da documentación que así o acredita, que a poñerei ao dispor do Concello cando me sexa requirida e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento do dereito á devandita subvención.

Ponte deume, _____ de _____ de 2025

A persoa solicitante

Asdo.: _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dña./D. _____,
con DNI/NIF nº _____ maior de idade, veciña/o de Pontedeume,
con domicilio en _____,
teléfono/s _____, con coñecemento dos delitos nos que
poidera incorrer por falsidade, de conformidade co disposto na base terceira, apartado 3.h, das
bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar.
Curso escolar 2025-2026. Educación infantil, primaria e ESO, DECLARO BAIXO A MIÑA
RESPONSABILIDADE:

1. Que non estou incursa/o en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 Lei 38/2003 xeral de subvencións.
2. Que non teño pendente de xustificar ningunha axuda económica concedida polo Concello de Pontedeume.

Pontedeume, _____ de _____ de 2025

A persoa solicitante

Asdo.: _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dña./D. _____,
con DNI/NIF nº _____ maior de idade, veciña/o de Ponte deume,
con domicilio en _____,
teléfono/s _____, DECLARO, que o/a alumno/a para o que
solicito a axuda ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2025-2026.
Educación infantil, primaria e ESO, está matriculada/o no curso 2025-2026 ou matricularase no
momento de apertura do prazo de matriculacións no centro _____ para
cursar _____, e presentarei o correspondente certificado de matrícula no
momento do canxe do vale.

Ponte deume, _____ de _____ de 2025

A persoa solicitante

Asdo.: _____





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos datos persoais é o CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección RÚA REAL 13, 15600-PONTEDEUME (A CORUÑA): correo@ponteume.gal

1.DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEDEUME é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@ponteume.gal.

2.FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE PONTEDEUME, en particular, consultas de natureza persoal (información xurídica, problemáticas sociais de distinta índole, educación familiar, atención psicolóxica, asistencia a necesidades sociais específicas...)

Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre o seu estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir sendo moi importante que nos informe correctamente sobre os mesmos.

PAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposto de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.DESTINATARIOS DE CESIÓN: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG's ...) colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE PONTEDEUME directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Xunta de Galicia con competencias na materia coa finalidade de cumprir coas obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria e funcionamento anual" e para facilitar, con carácter xeral a comprobación do axeitado funcionamento do centro de Servizos Sociais, dentro dos parámetros da normativa que os regula.
- Concellos distintos do CONCELLO DE PONTEDEUME, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa intervención social.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaránse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.O CONCELLO DE PONTEDEUME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@pontedeume.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: R/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	PARENTESCO	SINATURA No caso de menores de idade asinará a persoa solicitante
		Solicitante	

TERCEIRO. - Publicar as presentes bases na Base de Datos Nacional de Subvencións e o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da BDNS.

CUARTO.- Dar traslado do contido da presente resolución ó departamento responsable do expediente, así como ó departamento de intervención, tendo en conta os efectos económicos do presente acto administrativo.

QUINTO.- Dar conta ó Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado ós efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

